NOVAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES PARA O 2º TRIMESTRE

NOVAS ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS									
Trimestre	Descrición breve da actividade	Lugar ou espazo	Data e horario previstos	Data e horario exactos	Duración	Horario lectivo		Curso/s	Departamentos Organizadores
						Si	Non		
2º trimestre	Campionato de Xadrez	Local de Alumnado	Febreiro-Marzo		25 minutos nos recreos		X	Todos	Vicedireción
	Mensaxes de San Valentín	Entrada Principal do IES	Febreiro	Todos os recreos	Todos os recreos		X	Todos	Axenda 21, Dinamizadora da Convivencia, Lingua Galega, EDL, Vicedirección.
	Concerto Didáctico en Celanova	Celanova (Ourense)	Mércores 23 de Marzo		8:45 h a 14:15 h	X	X	3º ESO	Música
	Clase Cultural da Editorial Burlington	Salón de actos	Xoves 3 de Marzo	11:45 h a 13:25 h	50 minutos por sesión	X		1º ESO	Inglés
	II Plan director para a convivencia e mellora da seguridade escolar (Acoso Escolar, Drogas e alcol, Violencia de xénero)	Salón de actos	Febreiro (luns pola tarde)		50 minutos por sesión	X	X	Comunid. educativa	Dinamizadora da Convivencia

CONCURSO DE CARTAS DE AMOR SAN VALENTÍN 2011

Este concurso consistirá na escolla das mellores cartas que teñan como **temática** sentimentos como o **amor e amizade.**

Deberán estar escritas en **Lingua Galega** e ter **boa caligrafía, ortografía, limpeza e orde. Os participantes depositarán as súas cartas na urna de San Valentín** situada na **Biblioteca do IES.**

Haberá tres premios de **Consumición (Bocadillo e bebida), para unha parella na Cafetería do IES e regalo especial de San Valentín.**

MENSAXES DE SAN VALENTÍN 2011

Nesta actividade deberá implicarse todo o alumnado. Cada curso deberá encargarse de realizar unha **Caixa de Correo** onde figure claramente o **curso a que corresponde**, para que o **alumnado que o desexe poida depositar** as súas **notas, cartas, suxestións, comentarios e ideas de San Valentín**, nas linguas oficiais do IES.

As **Caixas de Correo** serán colocadas polos/as **delegados/as** de cada clase en colaboración cos **membros da Axenda 21** xunto co **profesorado colaborador** o vindeiro **4 de febreiro de 2011 durante o recreo.**

O **luns 14 de febreiro**, de **11:15 a 11:45 horas**, o alumnado poderá recoller as cartas que lle enviaron n'**O Afumadoiro**.

BOLETÍN INFORMATIVO Nº 5

Xaneiro - 2011

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA

LAMA DAS QUENDAS DE CHANTADA

R/ Alférez Baanante s/n
27500 - Chantada (Lugo)
T. 982 440 551 - **F**. 982 440 912
e-mail: ies.lama.quendas@edu.xunta.es
http://centros.edu.xunta.es/ieslamaquendas

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ESPAZO ABALAR

O **Proxecto ABALAR**, é un compromiso da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria coa cidadanía galega, no ámbito da integración das TIC na práctica educativa, cuxo obxectivo principal é o de transformar os centros educativos tradicionais en centros educativos dixitais para:

- Acadar a plena alfabetización das TIC entre os profesores/as e alumnos/as galegos.
- Modernizar o sistema educativo galego.
- Mellorar a calidade da ensinanza en Galicia.
- Reducir o fracaso escolar.

Desde o luns 24 de xaneiro de 2011 está dispoñible unha nova versión do espazoAbalar, que incorpora as seguintes novidades:

- O espazoProfesores, destinado aos docentes, facilitará a comunicación destes cos responsables dos alumnos/as (pais, titores, ...) e o desenvolvemento de actividades de seguimento e control. As funcionalidades que os docentes poden empregar neste espazo pódense consultar na guía dispoñible no seguinte enlace:

http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/guiaprofesores-espazoabalar_galego.pdf

- Novas funcionalidades no espazoFamilias, que achegan a estas máis información sobre os seus fillos e axilizan as comunicacións cos titores do alumnado no centro. As novas funcionalidades desta versión do espazoFamilias e o seu uso pódense consultar na guía dispoñible no enlace:

http://www.edu.xunta.es/web/sites/web/files/guiafamilias-espazoabalar_galego.pdf

Programacións didácticas do centro.

O 17 de xaneiro de 2011 recibiuse no centro un informe da inspección sobre a supervisión das programacións didácticas do centro. Nese informe ***manifféstase o recoñecemento ao esforzo realizado polo profesorado do noso centro para actualizar as programacións á normativa vixente***. Así os requisitos mínimos que deben cumprir e que cumpren as nosas programacións son:

EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

1.- Introdución e contextualización.
2.- Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
3.- Obxectivos
4.- Contidos secuenciados e temporalizados.
5.- Criterios de avaliación.
6.- Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
7.- Metodoloxía:
  7.1.- Metodoloxía específica da materia.
  7.2.- Materiais curriculares.
  7.3.- Outros recursos didácticos.
8.- Procedementos para a realización da avaliación inicial.
9.- Procedementos de avaliación:
  9.1.- Avaliación Ordinaria.
  9.2.- Avaliación Extraordinaria.
10.- Instrumentos de avaliación.
11.- Sistemas de cualificación.
12.- Programa de recuperación.
  12.1.- Materia durante o curso.
  12.2.- Materias pendentes doutros cursos.
13.- Programas específicos personalizados para o alumnado repetidor.
14.- Medidas de atención á diversidade.
15.- Programación de educación en valores.
16.- Tratamento do fomento da lectura.
17.- Tratamento do fomento das TIC.
18.- Tratamento do fomento da convivencia no centro.
19.- Contribución da materia ao proxecto lingüístico.
20.- Actividades complementarias e extraescolares.
21.- Procedementos de avaliación da programación.

BACHARELATO

1.- Introdución e contextualización.
2.- Contribución das materias ao logro das competencias básicas.
3.- Obxectivos
4.- Contidos secuenciados e temporalizados.
5.- Criterios de avaliación.
6.- Mínimos esixibles para unha avaliación positiva.
7.- Metodoloxía:
  7.1.- Metodoloxía específica da materia.
  7.2.- Materiais curriculares.
  7.3.- Outros recursos didácticos.
8.- Procedementos de avaliación:
  8.1.- Avaliación Ordinaria.
  8.2.- Avaliación Extraordinaria.
9.- Instrumentos de avaliación.
10.- Sistemas de cualificación.
11.- Programa de recuperación.
  11.1.- Materia durante o curso.
  11.2.- Materias pendentes doutros cursos.
12.- Procedementos para acreditar os coñecementos previos.
13.- Medidas de atención á diversidade.
14.- Programación de educación en valores.
15.- Tratamento do fomento da lectura.
16.- Tratamento do fomento das TIC.
17.- Tratamento do fomento da convivencia no centro.
18.- Contribución da materia ao proxecto lingüístico.
19.- Actividades complementarias e extraescolares.
20.- Procedementos de avaliación da programación.